

**Expediente núm.:** 231/2017

**Asunto:** SELECCIÓN ARQUITECTO – DEPUEMPREGO 2017

## **RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA POLA QUE SE APROBA A LISTA DEFINITIVA DE ADMITIDOS E EXCLUIDOS E NOMEAMENTO DO TRIBUNAL**

Expirado o prazo de presentación de solicitudes de admisión para selección de persoal para a contratación mediante concurso en réxime de persoal laboral temporal, de 1 praza de Arquitecto.

Visto o contido da base sexta das Bases de selección que indica: “No caso de non haber candidatos excluídos nin que precisen do trámite de emenda, ditarase unha soa resolución coa lista definitiva de aspirantes admitidos, composición do tribunal, lugar e hora de realización das probas.”

De conformidade coas Bases que rexen o proceso de selección, así como en virtude do artigo 21.1.g) da Lei 7/1985, do 2 de abril, de Bases do Réxime Local, e demais normativa sobre réxime local en materia de persoal,

### **RESOLVO**

**PRIMEIRO.** Aprobar a seguinte relación definitiva de aspirantes admitidos e excluídos, dos candidatos participantes no proceso de selección de un (1) posto de Arquitecto.

#### **RELACIÓN DE ASPIRANTES**

##### **ADMITIDOS:**

- Isabel Devesa Piñeiro
- Lucía Fernández Constela

##### **EXCLUÍDOS:**

Ningún

**SEGUNDO.** Visto o establecido na base sexta e sétima das Bases que regulan este proceso de selección, o tribunal estará constituído polos seguintes membros, polo que se nomea o seguinte Tribunal Cualificador do proceso selectivo:

- Presidenta: D<sup>a</sup>. Mónica Vázquez Fandiño, Empregada pública do Concello de Láncara (Lugo).
- Suplente: D<sup>a</sup>. Sonia María González Varela, Empregada pública do Concello de Cortegada (Orense).
- 1º Vogal: D. José López González, Empregado público do Concello de Paradela (Lugo).
- Suplente: D<sup>a</sup>. Rebeca Vázquez Vázquez, Empregado público do Concello de Boimorto (A Coruña).
- 2º Vogal: D<sup>a</sup>. Patricia Sánchez Castelo, Empregado público do Concello de Rianxo (A Coruña).
- Suplente: D<sup>a</sup>. Ana Barreiro Gómez, Empregada pública do Concello de Luarca (Asturias).
- 3º Vogal: D<sup>a</sup>. Elisa Muñoz Álvarez, Empregada pública do Concello de Baralla (Lugo).
- Suplente: D<sup>a</sup>. Isabel Outeiriño Sánchez, Empregada pública do Concello de Vilaboa (Pontevedra).

- Secretario: D. Emmanuel López Ares, Empregado público do Concello de O Páramo (Lugo).
- Suplente: D. Antonio Lorenzo Morandeira, Empregado público do Concello de Begonte (Lugo).

**TERCEIRO.** Convocar aos membros do Tribunal para o próximo día 7 de maio de 2018 ás 9:00 horas, na Casa Consistorial do Concello de O Páramo, para a valoración dos méritos e as 10.00h realización da proba práctica.

**CUARTO.** Publicar a presente resolución no Taboleiro de Anuncios do Concello de O Páramo.

**QUINTO.** Contra este acto resolutorio procede recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano que o ditou no prazo dun mes ou, directamente, recurso contencioso-administrativo perante o xulgado do contencioso-administrativo, no prazo de dous meses, computándose tales prazos a partir do día seguinte ao da notificación ou publicación procedentes, sen prexuízo de que os interesados poidan exercer calquera outro que estimen oportuno. No caso de interpor recurso de reposición, non se poderá interpor recuso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente ou se produza a desestimación presunta do recurso interposto.

Mándao e asina o Sr. Alcalde, en O Páramo, a 2 de maio de 2018, do que eu, Secretario, dou fe.

O Alcalde

Dou fe

O Secretario

Asdo.: D. Gumersindo A. Rodríguez Liz

Asdo.: Emmanuel López Ares

*Documento asinado electronicamente ao marxe*